



CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE) E A CONFEDERACIÓN EMPRESARIAL DE OURENSE (CEO), PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS ÁS PEMES NO MARCO DA INICIATIVA 'CONECTA OURENSE'

Dunha parte, María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nomeada para o devandito cargo polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG nº 73, do 14 de abril), actuando en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), na súa calidade de presidenta, en virtude do disposto no artigo 11 da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica.

Doutra parte, César Blanco Gómez, en nome e representación da Confederación Empresarial de Ourense (en diante, CEO), NIF G32012742, na súa calidade de presidente da entidade, cargo para o que foi nomeado en data 2 de setembro de 2025 en Xunta Directiva, conforme os Estatutos que rexen o funcionamento da Confederación.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,

EXPOÑEN:

I. Que o Igape é o ente de dereito público, adscrito á Consellería de Economía e Industria, para o desenvolvemento económico de Galicia. A misión do Igape é a de apoiar todas as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial, incluíndo a Innovación empresarial.

II. Que a CEO é unha organización empresarial intersectorial sen ánimo de lucro, que ten entre os seus fins sociais, relacionados no artigo 6 dos seus Estatutos, o deseño de accións e programas en beneficio das súas empresas asociadas. Que en cumprimento dos seus fins sociais, a CEO veu desenvolvendo unha intensa labor en favor da internacionalización, a dixitalización, a sustentabilidade e a innovación das empresas ourensás por medio de distintos programas e iniciativas o que lle permitiu adquirir unha notable experiencia vinculada a estes ámbitos e á xestión de proxectos internacionais. A CEO realiza e participa activamente en actuacións que favorezan ao desenvolvemento económico empresarial, a creación de novas empresas, a xeración de emprego e a mellora no nivel de competitividade das empresas no ámbito da internacionalización, dixitalización, sustentabilidade e innovación.

A CEO caracterízase polo seu compromiso coa innovación e a colaboración aberta. Nunha dinámica de constante procura de coñecemento, establecéronse alianzas estratéxicas con actores chave no ámbito da investigación e a innovación. A colaboración permanente con axentes de coñecemento, como a Universidade de Vigo, a Fundación Centro Tecnolóxico da Carne, o Parque Tecnolóxico de Galicia, ou o Centro Galego de Innovación de Formación Profesional Eduardo Barreiros, reflicte o compromiso co desenvolvemento e a aplicación de solucións de vangarda. A sinerxía entre o sector empresarial e académico é a base sobre a cal se constrúe unha contorna propicia para a transformación e o progreso.

A CEO reforza aínda máis o seu compromiso coa transformación empresarial ao colaborar estreitamente coa Oficina Acelera Peme de INEO. Esta alianza estratéxica xoga un papel crucial en acelerar a transformación das pemes na provincia, facilitando a incorporación de ferramentas tecnolóxicas para modernizalas. Esta colaboración non só se limita á implementación de solucións tecnolóxicas, senón que tamén abarca aspectos máis amplos de xestión empresarial, avogando por unha transformación integral. En conxunto, búscase catalizar a transformación dixital, promovendo a eficiencia operativa, a adaptabilidade, a competitividade e a innovación das pemes locais.

A CEO vai máis alá de ser unha entidade; é un tecido interconectado de coñecementos, ideas e esforzos colectivos. A visión de colaboración aberta e innovadora non só fortalece ás empresas da provincia, senón que tamén contribúe ao progreso sustentable da rexión.

A título de exemplo citar a activa e extensa participación da CEO nas iniciativas comunitarias INTERREG III (2000-2006), INTERREG IV (2007-2013), INTERREG V (2014-020) e Erasmus+ - Mulleres





empendedoras en acción. A posta en marcha do Plan para a Internacionalización e Dixitalización das Empresas de Ourense – ExportOU, o Plan Reactiva Mulleres Ourense e o programa de Transformación e Innovación Dixital na empresa –Incorpórate, entre outros.

III. Que a Xunta de Galicia aposta pola difusión e achegamento das posibilidades da innovación, a competitividade e a transformación tecnolóxica en todo o tecido empresarial galego como vía ineludible para garantir a futuro a capacidade competitiva das empresas e a súa permanencia no mercado, e para iso debe tecer a rede máis extensa e vertebrada posible en todo o territorio, de modo que esta cultura da innovación e a transformación produtiva alcance e poida ser comprendida e interiorizada no máximo espectro empresarial en todo o territorio galego.

A provincia de Ourense ten unha baixa estruturación e vertebración en xeral, cunha débil relación especialmente entre as comarcas do sueste e nordés. Doutra parte, a provincia conta cunha elevada madurez empresarial, e a súa especialización en sectores con baixa intensidade tecnolóxica, o 50% do seu valor engadido bruto baséase na extracción mineral, a produción cárnica e a construción, supoñen importantes barreiras para o crecemento baseado en coñecemento. Doutra parte, a provincia presenta unha alta taxa de envellecemento e unha baixa densidade poboacional, que conlevan implícitas dificultades no acceso a novo coñecemento, a tecnoloxías e recursos, tradúcese en maiores dificultades de transmisión das diferentes iniciativas que as administracións poñen ao dispor das empresas, como é o caso dos programas e actuacións da Administración.

Os ecosistemas empresariais ben cohesionados, que contan con axentes dinamizadores do tecido empresarial profesionalizados ou especializados, demostraron que son unha panca imprescindible para o crecemento e innovación do tecido produtivo. Neste sentido, as agrupacións industriais e centros de coñecemento do ecosistema de innovación non contan con servizos relevantes en Ourense, o que supón un feito engadido ás dificultades para enriquecer o tecido empresarial. En termos de innovación, o dinamismo da provincia de Ourense foi tradicionalmente débil. Non figura entre as provincias ou comarcas con empresas xeradoras de riqueza, nin de empresas de alto rendemento do informe Ardán. O indicador de solicitudes de axudas á innovación tramitadas por pemes ante a Xunta de Galicia, mostra que, entre 2017-2021, tan só o 4,5% dos expedientes eran desta provincia. Con todo, en 2023 este indicador alcanzou o 12,8%, unha cifra coherente coa porcentaxe de empresas ourensás respecto ao total de Galicia. Isto reflicte que os esforzos en dinamizar ás empresas, a través de accións locais, son efectivas para superar as barreiras de desinformación e servizos próximos e adaptados ao a heteroxeneidade do territorio.

IV. Que a propia Xunta de Galicia, no Plan Estratégico PEG 22-30 establece no seu eixe 3. Competitividade e crecemento e na prioridade de actuación 3.3. Impulsar o crecemento e competitividade das pemes, a transición industrial e o emprendemento; Prioridade na que o Igape desenvolve un papel fundamental como Instituto de promoción económica e desenvolvemento rexional.

V. Asemade, o Eixe 4 do PEG 22-30. Cohesión social e territorial, na prioridade de actuación 4.4. Impulsar a cohesión territorial e desenvolver os servizos no territorio baixo o concepto de cidade única, establece na súa diagnose a existencia dun importante desequilibrio territorial no asentamento empresarial contra o que debemos tamén impulsar dende a Xunta de Galicia medidas de reequilibrio así como propiciar o desenvolvemento rural e a fixación da poboación.

VI. Que a CEO, organización sen ánimo de lucro, é a principal organización empresarial da provincia de Ourense e ten entre os seus obxectivos prioritarios actuais contribuír á recuperación da provincia, xerando emprego e mellorando a cohesión económica, social e territorial. En definitiva, estimular unha economía intelixente, sustentable e integradora, propiciando a expansión equilibrada do tecido produtivo e a súa proxección internacional e dixital. De forma que proporciona un espazo de encontro e oportunidades ás empresas da provincia, representa os seus intereses ante a Administración e outras entidades públicas e privadas; presta aos asociados servizos de máxima calidade entre os que se atopan a información e o asesoramento, a realización de estudos e informes referidos a necesidades e aspectos económicos, sociais e empresariais da provincia de Ourense, contribuíndo así ao desenvolvemento económico e á creación de emprego na provincia. Que a CEO considera unha prioridade estimular a capacidade innovadora das empresas da provincia, incluíndo esta a transformación dixital e ecolóxica que son necesarias nun contexto de competitividade global. Para





iso, a CEO ve necesaria fomentar novas formas de colaboración, intercambio e transferencia de coñecementos, para os cales non existen axentes con actividade na provincia.

VII. Que, de acordo cos antecedentes anteriormente indicados e coas previsións contidas nas referencias normativas sinaladas, e tendo en conta do evidente beneficio que actividades a desenvolver no ámbito da información, a concienciación, o asesoramento e a formación en materias imprescindibles para as empresas e de especial interese para a Xunta de Galicia, como son a innovación e a transformación dixital e sustentable como medios para conseguir a competitividade presente e futura das empresas galegas, e o impacto beneficioso que iso reporta ao conxunto da sociedade, GAIN, Igape e CEO, asinaron ao 20 de xaneiro de 2022 o primeiro convenio para a posta en marcha da iniciativa CONECTA OURENSE co resultado de mellores impactos dos programas de Igape e GAIN no tecido empresarial ourensán respecto de convocatorias anteriores e, por tanto, deuse continuidade á devandita colaboración a través da sinatura dun segundo convenio con data de 10 de xaneiro de 2023. En 2024, a CEO integra na súa actividade cotiá, como organización empresarial, a prestación de servizos ás pemes en relación á innovación empresarial e a dobe transformación dixital e sustentable. Con data 21 de maio de 2024, GAIN, Igape e CEO asinaron un novo convenio de subvención como instrumento eficaz de financiamento para a promoción da competitividade e, por último, tras o cambio de competencias na Xunta de Galicia, o 19 de febreiro renovouse o convenio para o ano 2026, neste caso xa coa participación só do IGAPE no convenio.

VIII. Que a Xunta de Galicia, a través de Igape, e CEO, consideran que o convenio de subvención é un instrumento eficaz de financiamento para a promoción da competitividade e a innovación do tecido empresarial da provincia de Ourense, xa que promove e incentiva o esforzo na obtención de resultados efectivos nas pemes. Dada a especificidade do obxecto do convenio, os antecedentes de actuación e a capacidade de acción da CEO no territorio da provincia de Ourense, xustifícase o carácter excepcional e as razóns de interese público, social e económico que aconsellan a concesión dunha subvención directa e non procede a realización dunha convocatoria pública para estas actuacións, debido á súa especialización nas barreiras provinciais e a singularidade para abordalas por parte da CEO.

Por todo o anterior, a subscrición do presente convenio de subvención directa representa o instrumento adecuado de apoio aos obxectivos estratéxicos das pemes e do interese xeral pretendidos polas partes asinantes, circunstancia que determina a dificultade de promover a concorrencia pública, para os efectos do establecido no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei.

Con tal motivo, e, para tal efecto, os aquí comparecentes subscriben o presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto e visión

O presente convenio determina as actuacións para realizar para impulsar o crecemento empresarial e a innovación das pemes da provincia de Ourense, en concreto, búscase fomentar o acceso a información, espazos de colaboración e asesoramento para transformar o modelo produtivo a través da economía do coñecemento, a sustentabilidade e a dixitalización. O desenvolvemento da devandita actividade por parte da CEO poderá realizarse utilizando a marca CONECTA OURENSE, en diante CONECTA, coa finalidade de preservar o impacto e posicionamento das iniciativas postas en marcha entre as partes; o devandito uso de marca estenderase ata a vixencia do presente convenio.

Segunda. Actuacións

As actividades para levar a cabo pola CEO son as seguintes:

1. Servizo continuado de atención ás necesidades das pemes, servizo CONECTA, en concreto:





1.1. Servizo CONECTA Ourense permanente: con 2 Oficinas operativas permanentes e persoal especificamente destinado para ese efecto nas áreas de influencia de: (i) Ourense capital, como zona central, e (ii) Valdeorras, para o achegamento ás pemes.

1.2. Servizo CONECTA Rural itinerante: este servizo consiste na realización de visitas coordinadas co Igape e a Oficina Económica de Galicia, co propósito de achegar os recursos e apoios que estas institucións ofrecen ás empresas do ámbito rural ourensán. As actividades incluirán:

- **Acompañamento in situ:** sesións informativas colectivas e talleres de asesoramento grupal nos que se identificarán retos específicos e exploraranse solucións innovadoras adaptadas ás características de cada empresa. Estas accións estarán orientadas a facilitar o seu acceso ás axudas públicas dispoñibles.

- **Asesoramento personalizado:** Atención directa a demanda das empresas para abordar necesidades concretas.

- **Seguimento integral:** Apoio e supervisión durante todo o ciclo de vida dos proxectos, asegurando a súa correcta e eficiente execución, así como a adecuada xustificación en caso de optar a financiamento público.

O obxectivo principal é achegar os servizos do Gabinete de Innovación CONECTA da CEO a un maior número de zonas, promovendo un asesoramento de proximidade. Ademais, búscase informar o empresariado sobre as oportunidades que a Administración galega pon á súa disposición, con especial énfase nas liñas de apoio e incentivo do Igape e a Oficina Económica de Galicia, así como en calquera outra axuda que poida favorecer o desenvolvemento do tecido empresarial nas áreas rurais de influencia.

2. Accións divulgativas e detección de potencial innovador: **Gabinete de Innovación CONECTA**, que realiza, por unha banda, labores informativos e divulgativos (xornadas, seminarios e outras accións de difusión das posibilidades e apoio á innovación, o crecemento, a internacionalización e a transformación dixital das empresas) e, por outra, detección de pemes innovadoras e con potencial de crecemento e internacionalización.

Todas as accións de difusión, divulgación e comunicación han de estar coordinadas entre a CEO e a Xunta de Galicia nos termos previstos na cláusula novena, isto é, previa revisión do plan de comunicación por parte da Consellería de Economía e Industria.

As actuacións contempladas no presente convenio desenvolveranse de maneira que se fomente a máxima participación das empresas beneficiarias, con especial atención a aquelas situadas en zonas máis periféricas ou de difícil acceso.

As ditas actuacións realizaranse preferentemente en formato presencial, incluíndo visitas a empresas, xornadas, seminarios, accións de inauguración, divulgación, difusión, información, foros, entre outras actividades. Con todo, contéplase expresamente a posibilidade de realizar estas accións, total ou parcialmente, en modalidade non presencial, sempre que iso permita garantir unha maior participación das empresas en diferentes comarcas.

A modalidade non presencial tamén poderá ser adoptada cando así o determinen razóns de conveniencia ou seguridade, previa aprobación da Comisión de Seguimento do convenio, nese caso velarase por asegurar a efectividade das actividades nesta modalidade alternativa.

Para a execución destas accións a CEO comprométese a:

- Establecer unha axenda de visitas a empresas da provincia e manter entrevistas cos seus directivos, elaborar un informe de cada empresa visitada e xerar propostas de participación en programas da Consellería de Economía e Industria para aquelas que presenten un perfil innovador ou potencial de crecemento e internacionalización.

- Realizar un programa guiado na planificación de proxectos innovadores para pemes con IAG, en calquera das fases nas que se atope o proxecto.





- Realizar cinco (5) eventos, xornadas ou talleres de difusión e divulgación de apoios de Igape, nas que contará coa participación de técnicos do Igape ou da OEG (Oficina Económica de Galicia).

- Innovación en Acción: deseño e execución de programas piloto en innovación, dixitalización e sostibilidade para a presentación de propostas en convocatorias públicas de Igape.

Os eventos, talleres e xornadas poderán celebrarse nunha mesma data baixo un programa con varias temáticas se así o considera adecuado a CEO para optimizar o impacto das mesmas e a execución do convenio.

Acompañando a todo o proceso, a CEO porá en marcha unha campaña divulgativa e de comunicación, abordando diferentes soportes (prensa, radio e internet e redes sociais) previa presentación do correspondente Plan de Comunicación á Consellería de Economía e Industria para a súa aprobación. Sen prexuízo do anterior, en todos os elementos gráficos e de comunicación, han de convivir unicamente os logos do Igape e da CEO; no caso de que algunha acción fose realizada en colaboración con terceiros, dita colaboración debe ser aprobada pola Consellería de Economía e Industria, con indicación das consecuencias en materia de comunicación.

Terceira. *Indicadores de execución e resultados*

A CEO debe levar un cómputo continuo dos labores realizados, e as empresas asesoradas de modo que poida xerar un cadro de indicadores de resultados con, polo menos, o seguinte detalle:

	Resultado	Obxectivo
Empresas contactadas		100
Empresas con potencial detectadas		50
Empresas que inician ou incrementan exportación		5
Empresas que poden solicitar axuda á CEI		20
Nº de axudas tramitadas a convocatorias de IGAPE		10
Nº de axudas tramitadas a convocatorias públicas doutras entidades		5

- ✓ **Empresas contactadas:** Realización de visitas polo menos a 100 empresas, con seguimentos a través do diario de visitas.
- ✓ **Empresas con potencial detectadas:** Confección do informe referido na cláusula segunda do convenio (elaboración dun informe de cada empresa visitada que inclúa a xeración de propostas de participación en programas da Consellería de Economía e Industria para aquelas que presenten un perfil innovador ou potencial de crecemento e internacionalización).

Os resultados, deberán optimizarse para alcanzar os obxectivos propostos. No caso de que non se alcancen, desviacións á baixa que, en conxunto, sexan inferiores ao 30% non supoñerán penalización sobre a achega pública ao convenio; desviacións á baixa e no conxunto, superiores ao 30% supoñerían unha diminución da achega pública prevista en porcentaxe equivalente.

Cuarta. *Financiamento*

O orzamento máximo de todas as actividades desenvolvidas ao amparo do presente convenio ascende a 155.555,55 €; do cal a Xunta de Galicia, a través de Igape, financiará un 90%, cun máximo, polo tanto, de 140.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 09.A1.741A.7810 para ano 2026.

O cofinanciamento do Igape dirixirase ao financiamento nunha porcentaxe do 90% dos custos do servizo CONECTA establecidos na táboa incluída na cláusula seguinte, asumindo a CEO o 10% restante.

A modificación da distribución inicialmente aprobada rexerese segundo o previsto no artigo 26.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





Este convenio respectará o disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11/02/1998 (DOG núm. 34, de 19/02/1998), pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto. En todo caso, a disposición ou compromiso de gasto quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas destes.

Quinta. Gastos subvencionables e intensidade das axudas

1. De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo con a previsión de orzamento recollido no anexo I e que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 31 de decembro de 2026.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

En ningún caso consideraranse gastos subvencionables, os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. O imposto sobre o valor engadido (IVE) poderase considerar gasto subvencionable cando a entidade beneficiaria acredite mediante a correspondente certificación que se atopa acollida ao réxime de exención, parcial ou total, do IVE.

2. A contía da axuda concedida a CEO será do 90%, tendo en conta o seguinte límite de gastos financiáveis:

CONCEPTO	MAXIMO FINANCIABLE	GASTOS INCLUÍDOS
1. Servizo CONECTA Ourense permanente	67.000 €	Contratación, persoal propio CEO, gastos de dotación e gastos xerais. Gastos indirectos.
2. Servizo CONECTA Rural itinerante	15.000 €	Contratación, Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
3. Programa guiado na planificación de proxectos innovadores para pemes con IAG	20.000 €	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
4. Eventos, xornadas ou talleres de difusión axudas e/ou talleres de innovación (5)	5.000 €	Gastos de organización, servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
5. Innovación en Acción: deseño e execución de programas piloto en innovación, dixitalización e sostibilidade para a presentación de propostas en convocatorias públicas de IGAPE.	35.000€	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
6. Comunicación e materiais de apoio ao programa	13.555,55 €	Plan de comunicación, material específico, persoal propio de la CEO, servizos externos. Gastos indirectos.
TOTAL	155.555,55 €	

3. Serán elixibles os gastos indubidablemente imputados ás actuacións apuntadas na táboa anterior, sendo os gastos detallados os seguintes:





- Gastos de contratación: custos salariais (incluída seguridade social a cargo da CEO) das persoas con dedicación 100% á prestación dos servizos descritos nas actuacións subvencionables do presente convenio.
- Gastos de persoal propio da CEO con dedicación parcial ao obxecto do convenio.
- Gastos dotacionais: materiais inventariables e funxibles adquiridos para as oficinas CONECTA.
- Gastos de contratación de servizos externos.
- Gastos específicos para o desenvolvemento de campaña divulgativa e de comunicación.
- Desprazamentos: desprazamentos no medio de transporte público ou coche propio, nese caso será necesaria a certificación do Secretario Xeral da CEO dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto xunto coa xustificación do seu pago por parte da CEO aos técnicos correspondentes.
- Gastos de organización e catering:
 - o Contratación de relatoras.
 - o Aluguer de espazos e medios audiovisuais de celebración dos eventos.
 - o Contratación xeral de medios para a realización dos eventos.
 - o Programas, folletos e material para os asistentes aos eventos.
 - o Catering para networkings.
 - o Servizos audiovisuais, gravación e edición.
 - o Gastos de presentadores das xornadas.
 - o Gastos de promoción e difusión.
- Gastos indirectos: computados en cada apartado que contempla esta partida mediante un 10% adicional sobre o gasto xustificado. Os custos indirectos son aqueles que non están vinculados ou non poden vincularse directamente coa actividade subvencionada por ter carácter estrutural, pero resultan necesarios para a súa realización, nos que se inclúen os gastos administrativos (tales como xestión administrativa e contable), gastos de supervisión e control de calidade, subministracións (tales como auga, electricidade, calefacción e teléfono), seguros, seguridade ou gastos de limpeza.

4. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados con anterioridade á finalización do período de xustificación, que finaliza o 20 de decembro de 2026, coa única excepción dos custos de salarios, Seguridade Social e, no seu caso, retencións do IRPF correspondentes, respectivamente, ao mes de decembro de 2026 e ao cuarto trimestre do exercicio 2026, que se certificarán en todo caso no prazo de xustificación previsto para tal trimestre, sen prexuízo da súa posterior acreditación da realización do gasto.

5. Atendendo ao establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, CEO poderá subcontratar total ou parcialmente os gastos subvencionados ao amparo do presente convenio.

Respectando os límites establecidos no punto 7 do artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal, en ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursoas nalguna das prohibicións do artigo 10 desta lei.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que devandito pago estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dous servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, segundo o establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, o artigo 27.3 da citada Lei 9/2007 establece que cando a actividade concertada con terceiros exceda do 20% do importe da subvención e devandito importe sexa superior a 60.000 €, a subcontratación estará sometida ao cumprimento dos seguintes requisitos:

- Que o contrato se subscriba por escrito.





- Que a súa subscripción a autorice previamente a entidade concedente da subvención, por escrito.

6. No caso de adquisición de bens de equipo, ou a contratación de servizos ou subministracións e materiais, cando o importe do gasto subvencionable supere os 15.000 euros no global da actuación do presente convenio para un mesmo proveedor, deberán presentarse un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características dos gastos non exista no mercado suficiente número de entidades que os presten ou fornezan. Estas excepcións deberán xustificarse. A elección entre as ofertas presentadas realizarase de conformidade con criterios de eficacia e economía, e presentarase unha memoria xustificativa cando a elección non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

7. En todo caso, de acordo con o artigo 43.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Igape poderá comprobar, dentro do período de prescrición, o custo, así como o valor de mercado das actividades subcontratadas.

8. Procederá a revogación das subvencións, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora nos casos e termos previstos nos artigos 32 a 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Sexta. Xustificación e pagamento

1. Conforme ao estipulado nos artigos 60 e 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Igape, efectuará o pago da cantidade estipulada no convenio á CEO, previa comprobación da realización do obxecto do convenio e validada a documentación xustificativa presentada en Igape.

O financiamento de Igape realizarase a medida que se vaian xustificando ante o Igape os gastos realizados pola CEO sobre os custos apoiados, mediante certificacións trimestrais co límite acumulativo do 80% da subvención total de acordo con o artigo 62 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. Neste suposto, exímese ao beneficiario da obrigaición de constituír garantía, previa autorización polo Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 67.4 do Decreto 11/2009.

As ditas certificacións presentaranse durante os 10 días seguintes á finalización do trimestre natural, excepto as do cuarto trimestre que deberán presentarse como máximo o 20 de decembro de 2026, por vía electrónica na oficina virtual do Igape na páxina <https://www.igape.gal/gl/oficinavirtual>, en particular, a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona na cláusula sétima.

En todo caso, só se considerará gasto realizado o que fose efectivamente pagado durante o período de execución, sempre que se respecten os prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, na súa falta, nos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, en aplicación da Lei 18/2022, do 28 de setembro, de crecemento e creación de empresas.

Exceptúanse desta regra xeral aqueles gastos cuxos pagos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos á conta do IRPF ou cotas de seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos do seu pago antes de finalizar o mes seguinte ao que o beneficiario lle corresponda liquidar eses gastos.

2. De non xustificar o importe total das actuacións desenvoltas, se minorará a subvención proporcionalmente, a condición de que se alcance o obxecto do presente convenio.

3. O pagamento realizarase unha vez comprobada a idónea xustificación da subvención conforme co artigo 30 da Lei de subvencións de Galicia.





Sétima. Forma de xustificación

1. Como documentación xustificativa da realización das actividades do convenio e conforme o sinalado no artigo 48 do Decreto 11/2009, CEO deberá presentar ante o Igape:

a) Memoria xustificativa do cumprimento das actuacións contempladas neste convenio, con indicación de actividades realizadas, resultados obtidos e incidencias máis significativas.

b) Memoria económica xustificativa do gasto nas actuacións realizadas que conterà:

i. Certificación emitida pola CEO do total de gastos incorridos no período imputables ao convenio acompañada dunha memoria económica con relación clasificada dos gastos imputables, identificando o concepto, acredor, documento, importe e data de emisión e data de pago.

ii. Xustificación de gastos atendibles: facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil, ou con eficacia administrativa, incorporados á relación clasificada dos gastos.

iii. Gastos de imputación de persoal propio da CEO. Relación de persoal asignado e porcentaxe de dedicación ao convenio, acompañado das nóminas mensuais correspondentes.

iv. Xustificación de pagos: transferencia bancaria, certificación bancaria orixinal ou extracto de pago. Non se admitirán pagos en efectivo.

v. Xustificación, se é o caso, doutros ingresos obtidos para financiar as actividades.

vi. Cando na contratación de servizos o importe de gasto atendible iguale ou supere a contía de 15.000 € (sen IVE), tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do servizo, así como xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

vii. Custos salariais (incluída SS) das persoas contratadas ad-hoc para as oficinas CONECTA, nóminas mensuais, documento de pago, ingreso das cotas sociais e ingreso, no seu caso das retencións do IRPF que resulten de aplicación.

viii. Desprazamentos no medio de transporte público ou coche propio: certificación do Secretario Xeral da CEO dos desprazamentos realizados no desenvolvemento do proxecto, o seu pago por parte da CEO aos técnicos correspondentes, anexando os billetes ou recibos de transporte público ou as follas de liquidación por desprazamento en coche propio.

c) Certificacións expedidas polas respectivas Administracións Públicas, que acrediten que a CEO está ao corrente das obrigacións tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pago ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración Pública da Comunidade Autónoma ou ben, autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios. A CEO autoriza a realización desta petición.

d) Declaración expresa da CEO de que as persoas ou entidades subcontratadas para as actividades non están vinculadas con ela (o mero feito de ser empresa asociada á CEO non implica vinculación).

e) En caso de estar exento do IVE, documentación acreditativa da exención.

f) Declaración de non recibir outras axudas para os mesmos fins.

g) Declaración de titularidade da conta bancaria onde se vaian a realizar os pagos.

h) Calquera outra documentación ou material que considere necesario presentar para unha mellor xustificación das actuacións obxecto do presente convenio.





En todo caso o Igape resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que se considere necesaria en relación coa execución das actuacións obxecto do presente convenio, e calquera outra que estime oportuna para a correcta xustificación dos gastos e o seu pagamento.

Procederá a minoración do financiamento concedido cando as actuacións desenvoltas e xustificadas non alcancen os importes dos gastos establecidos.

A CEO manterá ao dispor de Igape ou de calquera organismo público con capacidade de fiscalización da Comunidade Autónoma de Galicia, tales como Intervención Xeral, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e dos órgano de control da Comisión Europea, todos os xustificantes dos gastos e ingresos obtidos a fin dunha verificación in situ, ben por medios propios ou mediante auditor externo.

Oitava. *Compatibilidade con outras axudas*

A subvención concedida será incompatible con outras axudas ou subvencións para as mesmas actividades.

Novena. *Comisión de seguimento do convenio*

1. Para facilitar a execución e desenvolvemento, así como o seguimento e cumprimento do presente convenio, constituirase unha comisión integrada, en principio, e salvo mutuo acordo das partes na súa modificación que obrigatoriamente se plasmará como unha addenda ao convenio, polos seguintes membros:

- 2 membros por parte de Igape, un dos cales actuará como presidente.
- 2 membros por parte da CEO, un dos cales actuará de Secretario.

2. Esta Comisión actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido neste convenio. O funcionamento da Comisión de Seguimento farase ao amparo do réxime xurídico dos órganos colexiados contido na sección III, capítulo I do título I (artigo 15 e seguintes) da lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Décima. *Causas de resolución*

1. Serán causas de resolución do presente convenio procedendo ao reintegro, total ou parcial, da axuda percibida e dos intereses de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, as determinadas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. En especial, son causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.
- O incumprimento do deber da xustificación do gasto realizado.
- O incumprimento de calquera outra das cláusulas establecidas no convenio.
- O transcurso do tempo estipulado sen que se desenvolva o mesmo.
- O acordo mutuo das partes.
- O incumprimento total dos fins/obxectivos do convenio, determinado a través dos mecanismos de seguimento e control, da realización do gasto financiable ou do deber de xustificación, serán causa de perda do dereito á cobranza ou de reintegro total da subvención.

3. Considerarase igualmente como incumprimento total a xustificación de menos do 50% do gasto subvencionable recollido no anexo I do convenio, coas consecuencias previstas no parágrafo anterior.

4. No caso de que se xustifique un gasto subvencionable inferior ao recollido no anexo I, pero igual ou superior ao 50% daquel, considerarase a existencia dun incumprimento parcial e dará lugar á perda do dereito á cobranza da subvención na porcentaxe correspondente ao gasto non xustificado.
5. O incumprimento parcial dos fins/obxectivos do convenio dará lugar á perda do dereito á cobranza ou ao reintegro parcial da subvención na porcentaxe que se determine nos informes de seguimento.





Décimo primeira. *Compromisos, publicidade e autorizacións*

1. CEO comprométese a:

i. Presentar previamente á sinatura do convenio:

- Declaración responsable de que cumpre coa condición de peme de acordo coa definición do Anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.
- Documento acreditativo da inscrición dos estatutos, así como das súas diferentes modificacións no rexistro administrativo correspondente.
- Certificación do representante legal da entidade na que conste a identificación dos seus directivos, así como a data do seu nomeamento e modo de elección.
- Certificacións que acrediten que se atopa ao corrente das súas obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, en cumprimento do artigo 11.e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións contempladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ii. Desenvolver as actividades do convenio seguindo as liñas de actuación establecidas no anexo I.

iii. Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado que facilite unha pista de auditoría apropiada en relación con todos os gastos correspondentes cos gastos realizados ao amparo deste convenio, e conservar a documentación xustificativa relativa a esta subvención durante un prazo de catro anos, contados a partir do ano en que finalizan as actividades obxecto da axuda.

iv. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control de destino das axudas concedidas e facilitará a inspección e control dos órganos de Igape co fin de supervisar o cumprimento das actividades do convenio.

v. Comunicar a Igape a obtención de subvencións e axudas para a mesma finalidade que a do presente convenio, procedentes de calquera outra Administración Pública ou de entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, tan pronto se teña coñecemento das mesmas.

vi. Fornecer toda a información necesaria para que Igape poida dar cumprimento ás obrigacións recollidas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información en prazo, procederase conforme a o establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.

vii. Seguir as normas sobre protección de datos, concretamente a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as normas que a desenvolven.

viii. Cumprir co disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

ix. Achegar os informes e documentos que acrediten o desenvolvemento das actividades do presente convenio, así como os informes e demais documentos requiridos por Igape.

x. Proceder ao reintegro, total ou parcial, dos fondos percibidos e máis os intereses de demora devindicados desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a orixe do reintegro, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, nos casos previstos no Título II da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

xi. Facer constar expresamente a colaboración prestada por Igape, en todo o material de execución das actividades do convenio coa utilización do logotipo do Igape.

2. CEO dá consentimento expreso ao Igape para:

a) O tratamento necesario dos datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web de Igape, así como outras dependentes da Consellería de Economía e Industria, e no *Diario Oficial de Galicia*, coas excepcións previstas no artigo 15.2 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao amparo do presente convenio.





3. Os asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que consten no convenio, e máis o resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

4. A sinatura do convenio comportará a autorización ao órgano xestor para consultar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Con todo, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

Décimo segunda. Control

1. Igape poderá realizar as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento da subvención.

2. En todo caso, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Décimo terceira. Alteración das actuacións

1. Tendo en conta o carácter estimativo do orzamento, aceptaranse variacións entre os importes asignados a cada unha das actuacións subvencionables recollidas no orzamento do convenio (Anexo I) que non supoñan minoracións en ningún destes conceptos superiores ao 20% da previsión inicial. Estas minoracións incrementarán as dotacións dos outros conceptos subvencionables.

A pedimento de CEO e previo informe favorable da comisión de seguimento prevista no convenio, Igape poderá autorizar variacións superiores ao 20% entre os diferentes conceptos subvencionables recollidos no orzamento.

As modificacións sinaladas nos parágrafos anteriores serán posibles a condición de que non supoñan un incremento da subvención total.

2. Toda alteración nas accións para realizar, excepto as sinaladas no parágrafo anterior, deberán ser obxecto de autorización por Igape, e formalizarse mediante a correspondente addenda ao presente convenio, conforme o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións para desenvolver por CEO ou a ampliación do prazo de execución.

Décimo cuarta. Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio con Igape, de tal maneira que non se lle poderá esixir a estas entidades responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

Décimo quinta. Autonomía do beneficiario

CEO manterá a súa autonomía respecto da Administración, o que supón que, a pesar de que a súa actividade favorece o interese xeral, a Administración non percibe a cambio da súa entrega unha vantaxe ou beneficio que afecte de forma directa a aquelas actividades que a Administración debe asumir como propias no exercicio de competencias que as normas lle atribúen. Deste xeito, CEO será





propietario intelectual dos traballos resultantes, co compromiso de poñelos ao dispor de todas as empresas da provincia de Ourense de forma indiscriminada.

Décimo sexta. *Natureza xurídica e resolución de conflitos*

1. O presente convenio ten carácter administrativo e asínase ao amparo dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, rexéndose para os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

2. Igape ostentará as potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados en exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional do Contencioso-Administrativo.

3. As axudas obxecto do presente convenio están dirixidas á realización de actividades non económicas por parte da asociación.

Este programa de actividades redundará no beneficio de todas as empresas, e especialmente das pemes, da provincia de Ourense dunha maneira indiscriminada sen que supoña beneficio económico para ningunha empresa concreta nin para CEO, polo que non constitúe axuda de estado nos termos reflectidos nos artigos 107 e 108 do Tratado da Unión Europea.

4. O obxectivo é estimular a competitividade e a innovación xeral na provincia de Ourense mediante o intercambio de coñecementos, a contribución efectiva á transferencia de coñecemento, a difusión de información e a colaboración entre as empresas e outras organizacións da agrupación.

Décimo sétima. *Vixencia*

O convenio estenderá a súa vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026, sen prexuízo de que se consideren subvencionables os gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2026.

E en proba de conformidade, subscriben o presente documento, na data indicada no pé de firma, tomándose como data de sinatura a do último asinante.

Polo Instituto Galego de Promoción
Económica

Pola Confederación Empresarial de
Ourense

María Jesús Lorenzana Somoza

César Blanco Gómez





ANEXO I MEMORIA ECONÓMICA

ACTUACIÓNS CONTEMPLADAS:

1. Servizo continuado de puntos de información, asesoramento e acompañamento CONECTA OURENSE na provincia de Ourense:

1.1. **Servizo CONECTA Ourense permanente:** con 2 Oficinas operativas permanentes e persoal especificamente destinado para ese efecto nas áreas de influencia de: (i) Ourense capital, como zona central, e (ii) Valdeorras, para o achegamento ás pemes.

1.2. **Servizo CONECTA Rural itinerante:** este servizo consiste na realización de visitas coordinadas co IGAPE e a Oficina Económica de Galicia, co propósito de achegar os recursos e apoios que estas institucións ofrecen ás empresas do ámbito rural ourensán. As actividades inclúen:

- **Acompañamento in situ:** sesións informativas colectivas e talleres de asesoramento grupal nos que se identificarán retos específicos e exploraranse solucións innovadoras adaptadas ás características de cada empresa. Estas accións estarán orientadas a facilitar o seu acceso ás axudas públicas dispoñibles.

- **Asesoramento personalizado:** Atención directa a demanda das empresas para abordar necesidades concretas.

- **Seguimento integral:** Apoio e supervisión durante todo o ciclo de vida dos proxectos, asegurando a súa correcta e eficiente execución, así como a adecuada xustificación en caso de optar a financiamento público.

O obxectivo principal é achegar os servizos do Gabinete de Innovación CONECTA da CEO a un maior número de zonas, promovendo un asesoramento de proximidade. Informar, asesorar e acompañar ao empresariado e as persoas emprendedoras para un maior aproveitamento e coñecemento das oportunidades que a Administración galega pon á súa disposición, con especial énfase nas liñas de apoio e incentivo do IGAPE e a Oficina Económica de Galicia, así como en calquera outra axuda que poida favorecer o desenvolvemento do tecido empresarial nas áreas rurais de influencia.

Para o correcto funcionamento destas oficinas, a CEO poderá manter a contratación previa ou contratar ao amparo do presente convenio a persoas de perfil técnico, que deberán contar co apoio dos servizos técnicos centrais da CEO e cunha persoa coordinadora xeral do proxecto designado pola CEO a tal fin. Alternativamente, tamén poderán cubrir o servizo mediante contratación de servizos externos, en calquera dos casos, cos límites de custo establecidos na Cláusula Novena.

2. Accións divulgativas e detección de potencial innovador: **Gabinete de Innovación CONECTA**, por unha banda, realiza labores informativos e divulgativos (xornadas, seminarios e outras accións de difusión das posibilidades e apoio á innovación, o crecemento, a internacionalización e a transformación dixital das empresas) e, por outra, detección de pemes innovadoras e con potencial de crecemento e internacionalización para os programas de IGAPE e da Consellería de Economía e Industria.

A execución destes labores contará coa supervisión, dirección e apoio da persoa coordinadora xeral do proxecto, do persoal directivo, técnico e administrativo da CEO.

Desenvolvemento:

- Axenda de visitas a empresas da provincia e manter entrevistas cos seus directivos, elaborar un informe de cada empresa visitada e xerar propostas de participación en programas da Consellería de Economía e Industria para aquelas que presenten un perfil innovador ou potencial de crecemento e internacionalización.





- Realizar un programa guiado na planificación de proxectos innovadores para pemes com IAG, en calquera das fases nas que se atope o proxecto.
- Realizar cinco (5) eventos, xornadas ou talleres de difusión e divulgación de apoios de Igape, nas que contará coa participación de técnicos do IGAPE ou da OEG.
- Innovación en Acción: deseño e execución de programas piloto en innovación, dixitalización e sostibilidade para a presentación de propostas en convocatorias públicas de IGAPE.
- Acompañando a todo o proceso, a CEO poñerá en marcha unha campaña publicitaria divulgativa abordando diferentes soportes (prensa, radio e internet e redes sociais).

Os eventos, talleres e xornadas poderán celebrarse nunha mesma data baixo un programa con varias temáticas se así o considera adecuado a CEO para optimizar o impacto das mesmas e a execución do convenio.

Acompañando a todo o proceso, a CEO poñerá en marcha unha campaña divulgativa e de comunicación, abordando diferentes soportes (prensa, radio e internet e redes sociais) previa presentación do correspondente Plan de Comunicación á Consellería de Economía e Industria para a súa aprobación. Sen prexuízo do anterior, en todos os elementos gráficos e de comunicación, han de convivir unicamente os logos do Igape e da CEO; no caso de que algunha acción fose realizada en colaboración con terceiros, dita colaboración debe ser aprobada pola Consellería de Economía e Industria, con indicación das consecuencias en materia de comunicación.

ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento máximo de todas as actividades desenvoltas ao amparo do presente convenio ascende a 155.555,55 € do cal a Xunta de Galicia a través de Igape financiará un 90%, cun máximo, por tanto, de 140.000,00 €.

Límite de gastos financiáveis:

CONCEPTO	MAXIMO FINANCIABLE	GASTOS INCLUIDOS
1. Servizo CONECTA Ourense permanente	67.000 €	Contratación, persoal propio CEO, gastos de dotación e gastos xerais. Gastos indirectos.
2. Servizo CONECTA Rural itinerante	15.000 €	Contratación, Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
3. Programa guiado na planificación de proxectos innovadores para pemes con IAG	20.000 €	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
4. Eventos, xornadas ou talleres de difusión axudas e/ou talleres de innovación (5)	5.000 €	Gastos de organización, servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
5. Innovación en Acción: deseño e execución de programas piloto en innovación, dixitalización e sostibilidade para a presentación de propostas en convocatorias públicas de IGAPE.	35.000€	Servizos externos, persoal propio da CEO asignado ao presente convenio e desprazamentos do persoal propio (CEO) e contratado. Gastos indirectos.
6. Comunicación e materiais de apoio ao programa	13.555,55 €	Plan de comunicación, material específico, persoal propio de la CEO, servizos externos. Gastos indirectos.
TOTAL	155.555,55 €	

